



SOCIEDAD URBANÍSTICA PROVINCIAL DE LUGO, S.A.  
San Marcos, n.º 11 - 27001 Lugo  
Tel. 982 283 038 - Fax 982 283 031  
suplusa@gmail.com

## INFORME

**Asunto:** Informe primeiro trimestre 2019 relativo ao cumprimento de prazos da lei 15/2010

A interventora e o tesoureiro da Sociedade Urbanística Provincial de Lugo, S.A., en cumprimento do disposto no artigo 4 da Lei 15/2010 de 5 de xullo, de modificación da lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, emite o seguinte informe:

### Antecedentes de feito

O día 6 de xullo de 2010 publicouse no BOE a Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, entrando en vigor o día seguinte ao da súa publicación. O obxectivo último da lei é a diminución dos prazos de pago, e a loita contra a morosidade nas operacións comerciais entre empresas e entre éstas e a Administración.

O artigo 3 da Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, que aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público considera que forma parte do sector público as sociedades mercantís en cuxo capital social a participación, directa ou indirecta, de entidades mencionadas nos apartados a) a f) do presente apartado (entre as cales están as entidades que integran a Administración Local) sexa superior ao 50%. Establécese no apartado 2 os entes, organismos e entidades que, dentro do sector público terán, aos efectos desta Lei, a consideración de Administración Pública, e aos que le será de aplicación o previsto no artigo 216.4 do texto refundido da Lei de contratos.

A Sociedade Urbanística Provincial de Lugo, S.A. ten un capital social totalmente subscrito pola Deputación Provincial de Lugo (100%) e segundo o artigo 2 dos seus estatutos sociais a sociedade, aos efectos de aplicación da Lei de contratos do sector público, non é Administración Pública pero ten a consideración de poder adjudicador.

Tendo en conta as consideracións anteriores, e a interpretación que a Xunta Consultiva de Contratación Administrativa no informe 58/10, de 23 de maio de 2011, en relación ao prazo de pago aplicable aos entes, organismos e entidades que, pertencendo ao sector público estatal, non teñan a consideración de Administración Pública e segundo o establecido no artigo 4 da lei 3/2004, é polo que se considera que o prazo de pago da sociedade será de 60 días.

Como mecanismo de transparencia no cumprimento das ditas obrigas de prazos de pago, a dita Lei 15/2010 establece que se rendan informes periódicos, tal e como dispoñen os apartados 3 e 4 do artigo cuarto:

#### ***“Artigo 4. Morosidade das Administracións Públicas.***

...

*3. Os Tesoureiros ou, no seu defecto, Interventores das Corporacións locais elaborarán trimestralmente un informe sobre o cumprimento dos prazos previstos nesta Lei para o pago das obrigas de cada Entidade local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigas pendentes nas que se estea incumprindo o prazo.*

*4. Sen prexuízo da súa posible presentación e debate no Pleno da Corporación local, o dito informe deberá remitirse, en todo caso, aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e, no seu respectivo ámbito territorial, aos das Comunidades Autónomas que, con arranxo os seus respectivos Estatutos de Autonomía, teñan atribuída a tutela financeira das Entidades locais. Tales órganos poderán igualmente requirir a remisión dos citados informes.*

...



SOCIEDAD URBANÍSTICA PROVINCIAL DE LUGO, S.A.  
San Marcos, n.º 11 - 27001 Lugo  
Tel. 982 283 038 - Fax 982 283 031  
suplusa@gmail.com

Tendo en conta que no artigo 9 dos estatutos da sociedade considéranse órganos da sociedade a Intervención e a Tesourería, as referencias que o artigo 4 da lei 15/2010 fan aos Tesoureiros e Interventores das Corporacións Locais débense entender feitas ao Tesoureiro e Interventora da sociedade.

### Informe

Para a súa elaboración e a dos anexos adoptáronse, por unha banda, os criterios colexiais do Consello Xeral de Secretarios, Interventores e Tesoureiros e, por outra, seguiuuse a guía para a elaboración dos informes trimestrais que as entidades locais han de remitir ao Ministerio de Economía e Facenda, que está a disposición dos usuarios na web do Ministerio de Economía e Facenda, na oficina virtual das entidades locais.

O ámbito de aplicación son as operacións comerciais, estando incluídas aquelas que realicen os poderes adjudicadores para a execución dos contratos de obras, concesión de obras públicas, xestión de servizos públicos, subministro, servizos e de colaboración entre o sector público e o sector privado.

Quedan, por tanto, excluídos todos os gastos de retribucións do persoal, gastos de transferencia corrente ou de capital, gastos de natureza financeira e pagos pendentes derivados de obrigas non orzamentarias.

Polo que atinxe ao período concreto respecto ao que se emite o presente informe e anexos, correspóndense cos documentos xustificativos do **primeiro trimestre do 2019** respecto dos que se cifrará o número e contía global dos mesmos e relacións valoradas anotadas no Rexistro de Facturas, tal e como se recolle nos Anexos a este informe.

Dos datos reflectidos no anexo I obsérvase que o período medio de pago no trimestre é de **14,64 días**, o cal está dentro do período legal de pago establecido para este exercicio con carácter xeral e que é de 60 días.

Por todo o exposto **propónse:**

**Primeiro.** Que o presente informe e os seus anexos se eleven á Xunta Xeral de accionistas da sociedade, de conformidade co artigo cuarto da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

**Segundo.** Dispoñer que se proceda á súa inserción na páxina web da Sociedade.

**Terceiro.** Que, en todo caso, se de traslado á Deputación de Lugo, ao Ministerio de Economía e Facenda (á Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas CCAA e coas EELL) e á Xunta de Galicia, aos efectos oportunos.

A interventora Accidental  
(Consello de Administración 07/08/2018)  
Vanesa Vázquez Abad

Lugo, 25 de abril de 2019

O Tesoureiro  
José Ferreiro Fernández